

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 4 DE MAIO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se modifica o do Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se toma razón do convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime), para o impulso da cadea de valor industrial da eólica mariña en Galicia.
- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e á apertura do prazo para a adhesión dos comercios.
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de ciencia e innovación de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Fundación Ronsel para o desenvolvemento de accións de mellora da empregabilidade dirixidas ás persoas emigrantes retornadas, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €) e polo que se autoriza superar a porcentaxe de pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Clubes Náuticos de Galicia (Asnauga) para a xestión e a realización das actividades para a promoción da Ruta Traslatio, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe dun millón trescentos sesenta e tres mil cincocentos euros con vinte e un céntimos (1.363.500,21 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente do contrato mixto de subministración e instalación de dispositivos para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria da Xunta de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia–financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, cun orzamento de licitación, IVE incluído, de dez millóns seiscentos catro mil catrocentos corenta euros (10.604.440,00 €) e un valor estimado de dez millóns cincocentos dezaseis mil oitocentos euros (10.516.800,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se toma razón do Programa para o fomento do uso de bicicletas eléctricas con pedaleo asistido e bicicletas de man para cadeiras de rodas, eBici, como modos para o impulso dunha mobilidade sustentable e saudable.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Laza para a execución da obra: Mellora das redes de saneamento e abastecemento no núcleo rural de Laza. Laza (Ourense), por importe de douscentos vinte e dous mil catrocentos noventa e cinco euros con corenta e sete céntimos (222.495,47 €), financiado ao 100 % a parte elixible pola Unión Europea no marco do eixe REACT UC do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado do proxecto de Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24, por importe total de vinte e cinco millóns oitocentos vinte e cinco mil novecentos cincuenta e sete euros (25.825.957,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da nova denominación dos premios de excelencia académica ao alumnado de grao universitario oficial nas universidades do Sistema universitario de Galicia como "Premios Ángela Ruiz Robles á excelencia académica".
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías con respecto á Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións para a aceleración cultural no ámbito das artes escénicas ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e os mecanismos de recuperación e resiliencia do Regulamento UE 2021/241 e se convocan para o ano 2023, por un importe total de trescentos trinta e seis mil euros (336.000,00 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e a eximir ás entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2023-2025, e se procede á súa primeira convocatoria para os exercicios 2023 e 2024, por un importe total de setenta millóns vintecatro mil seiscentos oito euros (70.024.608,00 €).
- Acordo polo que se aproba o Programa de seguimento intensivo da demanda de emprego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de xeradores de impulso e eléctrodos para o tratamento de trastornos do movemento con destino á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe total de licitación de tres millóns catrocentos corenta mil oitocentos un euros con sesenta e nove céntimos (3.440.801,69 €) e un valor estimado de cinco millóns oitocentos trinta e oito mil novecentos trinta e seis euros con vinte e un céntimos (5.838.936,21 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación Gallega de Asociaciones en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual o del Desarrollo (Fademga Plena Inclusión Galicia), para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ás súas familias, e do mantemento de Fademga Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas para o exercicio 2023. Importe: seis millóns setenta e tres mil novecentos cincuenta e oito euros (6.073.958,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades para o exercicio 2023. Importe: un millón setecentos corenta e seis mil novecentos sesenta e un euros (1.746.961,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación Autismo Galicia, para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e das súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas no exercicio 2023. Importe: un millón tres centos setenta mil corenta e catro euros (1.370.044,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación Down Galicia, para o financiamento de programas destinados ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias e do mantemento da federación para o exercicio 2023. Importe: un millón douscentos sete mil seiscentos oito euros (1.207.608,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación Gallega de Asociaciones de Atención a las Personas con Parálisis Cerebral, para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, e do mantemento da entidade para o exercicio 2023. Importe: un millón cento trinta e nove mil oitocentos trinta euros (1.139.830,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación de Asociaciones de Personas Xordas de Galicia para o financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación e das súas entidades federadas para o exercicio 2023. Importe: novecentos nove mil oitocentos vinte e seis euros (909.826,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Galega de Atención Temperá, para contribuír ao financiamento dun programa de intervención en atención temperá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias para o exercicio 2023. Importe: setecentos trinta e cinco mil novecentos vinte e seis euros (735.926,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), para o financiamento de programas dirixidos a persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da federación e das entidades federadas para o exercicio 2023. Importe: seiscentos setenta e oito mil seiscentos trinta e tres euros (678.633,00 €)

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e Saúde Mental Feafes Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) para o financiamento dos programas dirixidos a persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio 2023. Importe: seiscentos corenta e tres mil douscentos oitenta e seis euros (643.286,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual Special Olympics Galicia para o mantemento da entidade e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, de lecer, formativas e de promoción do voluntariado para o exercicio 2023. Importe: cento noventa e nove mil catrocentos corenta e tres euros (199.443,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación de Paraplégicos y Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares e/ou grandes discapacitados residentes en Galicia e ás súas familias e o mantemento da entidade para o exercicio 2023. Importe: cincuenta e cinco mil cento corenta e dous euros (55.142,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación Galega de enfermidades raras e crónicas, para o financiamento dun programa de intervención social destinado a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades raras e/ou crónicas e das súas familias e do mantemento da federación para o exercicio 2023. Importe: trinta e tres mil trescentos dez euros (33.310,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das axudas á apicultura no ano 2022 e da próxima convocatoria de axudas do ano 2023, no marco da nova política agraria común (PEPAC 2023-2027).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o calendario de procesos selectivos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as axudas do Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 e a súa convocatoria para o ano 2023, con carácter plurianual, por un importe de nove millóns vinte e dous mil cincocentos noventa e un euros (9.022.591,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre as bases e inicio da tramitación do Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a plataforma web colaborativa para o impulso da madeira na construción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCORPORA NOVAS VÍAS DE ACCESO AO REXISTRO PROFESIONAL DE SOCORRISTAS PARA GARANTIR A PRESTACIÓN DO SERVIZO

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe á modificación do decreto de 2021 polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional de socorrismo acuático
- Inclúense como opcións para acceder ao rexistro estar en posesión de título de técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría ou de títulos de grao medio ou superior de FP que teñan a profesión de socorrista dentro das súas competencias profesionais
- Tamén se prevé como nova vía a realización dun curso de 120 horas para o que se exige educación secundaria obrigatoria (ESO) como titulación mínima e unha proba de acceso de natación
- Esténdese a posibilidade de impartir formación neste eido ás empresas públicas e privadas que cumpran os requisitos establecidos na modificación do decreto

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 152/2021 polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais (praias e augas interiores) e instalacións acuáticas (piscinas e outras instalacións).

Os cambios introducidos recollen a incorporación de novas vías de acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia co obxectivo de garantir a prestación de servizos de salvamento e socorrismo na tempada estival e poder asumir a demanda de traballo dos concellos e empresas concesionarias.

O decreto de 2021 xa permitiu ampliar o ano pasado o número de profesionais coa formación necesaria para garantir a seguridade dos bañistas cun servizo seguro e de calidade incluíndo novas vías. Agora súmanse tres máis.

Por unha banda, a realización dun curso de formación específica en socorrismo de 120 horas para o que se require ser maior de idade e estar en posesión do graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) e a realización dunha proba práctica de natación previa. Este curso habilitará para a inscrición no rexistro tanto na sección de espazos acuáticos naturais como na de instalacións acuáticas.

Outra das opcións posibles é estar en posesión do título de técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría ou títulos de grao medio ou superior de formación profesional (FP) que no seu currículo recollan a aplicación de coidados auxiliares sanitarios especializados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, a terceira nova vía de acceso ao rexistro profesional é contar con calquera título de formación profesional que estableza no seu contorno profesional o exercicio da profesión de socorrista.

Ademais das novas vías de acceso, a modificación do decreto incorpora as empresas públicas e privadas como entidades autorizadas para impartir os cursos de formación continua en materia de socorrismo, sempre que figure nos seus estatutos a formación como un dos seus obxectivos e dispoñan das instalacións, profesorado e material exixido. Por exemplo, deberán ter unha experiencia de 3 anos na preparación de colectivos en asuntos relacionados coa seguridade, emerxencias ou socorrismo. Estas entidades súmanse ás universidades, concellos e outros centros de formación para o emprego.

Ademais, a Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) ofrece de xeito gratuíto o curso específico en socorrismo, cursos de adaptación, e imparte cursos de reciclaxe de socorrismo en instalacións acuáticas e en espazos acuáticos naturais e de primeiros auxilios e actuación inicial en emerxencias.

Cómpre lembrar que co decreto publicado en 2021 se renovou o de 2012, e xa se aumentaban as posibilidades de acceso ao Rexistro Profesional de Persoal Socorrista de Galicia. Ás titulacións de grao de INEF e técnico deportivo ou Salvamento e Socorrismo do anterior decreto engadíanse as de técnico superior en Ensinanza e Animación Deportiva e técnico superior en Acondicionamento Físico. No caso de ter superado determinadas materias destas titulacións permítese realizar un curso de 80 horas de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo que, entre outras institucións, imparte a Agasp.

Por outra banda, a Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade convoca de forma anual cursos de formación, tamén gratuítos, para a obtención dos certificados de profesionalidade. De feito, desde a entrada en vigor do decreto en 2021, no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia déronse de alta 1.300 persoas que poden exercer esta actividade na Comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E ASIME COLABORAN NO IMPULSO DA CADEA DE VALOR INDUSTRIAL DA EÓLICA MARIÑA EN GALICIA

- As dúas entidades asinarán un convenio, cun investimento de 62.000 euros, para a realización de actividades de promoción, difusión e divulgación dunha eólica *offshore* compatible co medio natural e as actividades vinculadas ao mar
- Esta actuación enmárcase na necesaria identificación das actividades que, pola súa relevancia no ámbito tecnolóxico, innovador ou potencial para xerar cadeas de valor competitivas, concentran futuras oportunidades para a industria galega

O Consello da Xunta informou, na súa reunión desta mañá, do convenio de colaboración coa Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime) para o impulso da cadea de valor industrial da eólica mariña na Comunidade.

Esta colaboración institucional, por importe de 62.000 euros, permitirá levar a cabo actuacións que respondan aos obxectivos compartidos entre as dúas entidades participantes, como a realización do mapa de capacidades da cadea de valor da eólica *offshore* en Galicia e o desenvolvemento de accións de promoción, difusión e divulgación sobre a cadea de valor industrial da eólica *offshore* de Galicia, identificación de oportunidades, promoción da colaboración entre empresas, administracións públicas e outros interesados, apoio ao crecemento do mercado a través da promoción de políticas e regulacións favorables e mellora da competitividade a través de estratexias de investigación e desenvolvementos tecnolóxicos.

Desde a defensa dunha eólica *offshore* compatible co medio natural e coas actividades vinculadas ao mar, o Goberno galego aposta por un desenvolvemento desta tecnoloxía a través dunha estratexia compartida que posicione Galicia como un referente internacional, tanto no eido de proxectos de demostración e impulso comercial desta alternativa eólica, como na consolidación dunha cadea de valor propia con proxección internacional.

A través deste convenio impulsaranse encontros industriais, *workshops*, unha plataforma dixital que recolla as capacidades, experiencia e descrición das empresas que forman parte da cadea de valor industrial da eólica mariña, ademais de material promocional, como vídeos e catálogos. O sector do metal galego emprega máis de 57.000 persoas e representa o 20 % do PIB de Galicia. Asime cumpriu no ano 2022 o seu 45 aniversario e agrupa máis de 600 empresas.

Este convenio permitirá sumar as capacidades que Asime ten nesta materia, pois a súa especialización contribuirá a avanzar na consolidación dunha industria asociada á eólica *offshore* e, en especial, á industria de compoñentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A eólica mariña é unha oportunidade con máis de 1200 millóns de euros de investimento previsto en fabricación de aerogeradores e a creación de 8000 postos de traballo na Comunidade. Desde Galicia defendeuse, desde un primeiro momento, que o desenvolvemento da eólica mariña ten que pasar pola compatibilidade coa actividade pesqueira e a preservación do ecosistema. Por iso, en xuño de 2021 creouse o Observatorio da eólica mariña de Galicia, un foro estable de colaboración e diálogo entre os axentes implicados na súa implantación. A súa misión principal foi -e segue sendo- avaliar a coexistencia e compatibilidade desta tecnoloxía renovable coas actividades existentes a través de foros técnicos, a realización de estudos sobre oportunidades e impacto e a análise do potencial galego.

Por outra banda, Galicia tamén forma parte dunha alianza xunto con Asturias e Cantabria materializada no Clúster de Eólica Mariña Atlantic Wind, para colaborar en proxectos de demostración e impulso comercial desta tecnoloxía.

Tras a aprobación por parte do Estado do Plan de ordenación do espazo marítimo (POEM), sen atender as achegas realizadas desde o sector e a Administración autonómica, Galicia segue pendente de coñecer o marco legal para a implantación dos proxectos, así como da convocatoria de pozas de lámina de auga para que os promotores se poidan presentar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A TERCEIRA EDICIÓN DO BONO ACTIVA COMERCIO DA XUNTA DE GALICIA MOBILIZARÁ 8,5 MILLÓNS DE EUROS EN VENDAS

- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación destina 2,5 millóns a este programa co que se busca incentivar a demanda e atraer nova clientela aos establecementos de proximidade
- A través desta iniciativa, que ten tamén por obxectivo contribuír a reducir o impacto da inflación nas familias, as persoas consumidoras disporán dun desconto de 30 euros para as compras que realicen nos comercios adheridos
- Os bonos estarán dispoñibles para a súa descarga e uso desde o 15 de maio

A terceira edición do bono Activa comercio da Xunta de Galicia mobilizará 8,5 millóns de euros en vendas, co obxectivo de incentivar a demanda e atraer nova clientela aos establecementos de proximidade. Tal e como se abordou hoxe no Consello da Xunta, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación destina 2,5M € a este programa, que ten tamén por obxectivo contribuír a reducir o impacto da inflación das familias.

Así, como en anteriores ocasións, as persoas consumidoras poderán descargar na web www.bonosactivacomercio.gal un bono desconto de 30 euros para as compras que realicen nos comercios adheridos. Os bonos terán formato dixital QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha aplicación móbil. O importe irase reducindo en función do valor da compra. Así, ás compras iguais ou superiores a 20 euros e inferiores a 30 euros corresponderalles un desconto de 5 euros. A rebaixa será de 10 euros para as compras iguais ou superiores a 30 euros e inferiores a 50 euros. A partir desta cantidade, o desconto alcanzará os 15 euros.

Os bonos estarán dispoñibles para a súa descarga e uso por parte dos consumidores desde o 15 de maio e ata o 15 de setembro, salvo esgotamento previo do orzamento destinado a este programa.

Así, como principal novidade desta edición do bono Activa comercio e para optimizar o seu funcionamento, non se limitará o número de usuarios que poden descargar os bonos, senón que cando o importe total dos descontos realizados alcance os 2,5 millóns de euros, os bonos descargados xa non se poderán utilizar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A NOVA LEI DE CIENCIA SITUARÁ GALICIA NA VANGARDA E CONTRIBUIRÁ A FAVORECER A CALIDADE DE VIDA DA CIDADANÍA A TRAVÉS DA INNOVACIÓN

- Rueda subliña que o obxectivo é “mellorar a competitividade” da comunidade en I+D; “facilitar a transformación do coñecemento científico en solucións reais” e “a internacionalización do sector”
- Resalta que o Consello aprobou hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto de lei, que incorporará as achegas dos principais axentes do ecosistema galego de I+D+i
- Subliña que a futura normativa incluírá as medidas aprobadas nos últimos anos pola Xunta na súa aposta pola “estabilización e promoción dos investigadores”
- Estimularase e apoiarase a retención e a atracción de talento, favorecendo a creación dun ambiente axeitado para o desenvolvemento das carreiras profesionais do persoal tanto no sector público como no privado
- Promóvese a inclusión da perspectiva de xénero como categoría transversal e a investigación e innovación responsable
- En liña coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, búscase dar resposta a retos como o desenvolvemento sustentable e a transición dixital

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de ciencia e innovación coa que o Goberno galego busca “contribuír a mellorar a calidade de vida da cidadanía a través da innovación” mediante unha mellor mobilización do talento, a creatividade e as capacidades do territorio.

Rueda resaltou que a futura lei “situará Galicia na vangarda normativa” neste eido, incorporando as tendencias internacionais máis relevantes co fin de mellorar a competitividade e o desenvolvemento económico da Comunidade. Para iso, o proxecto de lei, para o cal agora se abrirá un período de consulta pública previa, incorporará as achegas dos principais axentes do ecosistema galego de I+D+i. O obxectivo, tal e como indicou o presidente, “é remitir a Lei ao Consello para a súa aprobación antes de finalice este ano”.

O titular do Goberno galego resaltou que a Xunta “aposta desde hai tempo pola estabilización e promoción dos investigadores” e que é preciso actualizar a actual Lei 5/2013 de fomento da investigación e a innovación de Galicia para incorporar as melloras aprobadas nos últimos anos así como para explorar todas as pancas dispoñibles para abordar os retos a que se enfronta Galicia na actualidade. Tal e como resaltou o presidente, o obxectivo da futura normativa é “mellorar a competitividade dos sistemas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de I+D galegos; facilitar que o coñecemento científico se transforme en solucións reais que cheguen ao mercado e mellorar a internacionalización do sector”.

Entre as principais novidades que persegue este novo desenvolvemento normativo cabe destacar a incorporación de medidas de simplificación e redución de cargas administrativas para que os beneficiarios de axudas poidan concentrarse no contido dos proxectos.

Entre outros aspectos, tamén se establecerá un marco xeral de regulación do persoal. Neste sentido, a nova norma busca estimular e apoiar a formación do persoal de investigación, a retención e a atracción de talento, contribuíndo á creación dun ambiente axeitado para o desenvolvemento das carreiras profesionais, tanto no sector público como no privado.

Do mesmo xeito, abordarase o impulso da compra pública innovadora (CPI) a través das diferentes entidades da Xunta de Galicia, así como o fomento de fórmulas de innovación pública como espazos de ensaio e experimentación.

A nova Lei de ciencia e innovación vai en liña coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia e contribuirá ao desenvolvemento sustentable e á transición dixital, dando resposta a través da investigación e a innovación aos desafíos globais. A normativa avanza tamén no compromiso social e pola igualdade de xénero, sendo a máis adiantada de España en materia de investigación e innovación responsable e promovendo a inclusión da perspectiva de xénero como categoría transversal na ciencia, a tecnoloxía e a innovación, así como unha presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos do sistema galego de I+D+i.

Entre os principios básicos desta proposta están tamén unha boa e eficiente gobernanza da política de I+D+i; o compromiso coa formación, retención e atracción de talento; a relevancia da innovación pública para que a Administración sirva de exemplo innovador, e o impulso da innovación empresarial, incorporando medidas que favorezan a I+D+i por parte das pequenas e medianas empresas. Neste sentido, a norma introducirá medidas para incentivar a innovación nas pemes a través de estímulos de formación, financiamento ou asesoramento.

Do mesmo xeito, búscase posibilitar e favorecer a transferencia de coñecemento e a interacción entre o sistema galego de I+D+i e o tecido produtivo para o aproveitamento recíproco de oportunidades e resultados, xerando novas oportunidades no eido da transferencia, e favorecer a internacionalización da investigación científica, do desenvolvemento tecnolóxico e da innovación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POR APOIAR O EIDO DA EMPREGABILIDADE DOS GALEGOS DO EXTERIOR DUPLICANDO A FINANCIACIÓN DO PROGRAMA FORMATIVO E MENTORES DA FUNDACIÓN RONSEL PARA EMPREENDEDORES RETORNADOS

- A administración autonómica destina 200.000 euros para a posta en marcha do programa de apoio para emprendedores retornados Merlo e para novos obradoiros, cursos e itinerarios individualizados de inserción laboral e coñecemento do mercado laboral galego
- A Secretaría Xeral da Emigración asinará tamén un convenio coa Federación Venezolana de Galicia para manter o funcionamento das súas oficinas de asesoramento e formación aos retornados que complementa a acción da Xunta

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios da Secretaría Xeral da Emigración destinados a apoiar no eido formativo e na empregabilidade os galegos que volven á Comunidade Autónoma de xeito que se lles poida dar a maior cobertura posible no seu proceso de adaptación á sociedade galega.

A Secretaría Xeral da Emigración e a Fundación Ronsel desenvolverán accións conxuntas destinadas á mellora da empregabilidade, tanto por conta allea como por conta propia, das persoas emigrantes retornadas, por un importe de 200.000 euros, dobrando así o investimento do ano pasado dado o éxito da iniciativa de mentorización, que formou máis de 90 emprendedores retornados.

Con este obxectivo apoiarase economicamente esta fundación para que, por unha banda realice obradoiros grupais, charlas e cursos dirixidos a proporcionar as ferramentas necesarias para coñecer o mercado de traballo galego, e levaranse a cabo itinerarios individualizados de inserción laboral adaptados ás condicións particulares de cada un dos participantes. Estas accións, que pretenden a eficiencia na busca de traballo por conta allea, van dirixidas a un máximo de 250 persoas emigrantes retornadas.

Por outro lado, Ronsel continuará tamén a desenvolver o Programa de mentores Merlo, que ofrece o maior apoio posible a estes novos empresarios para consolidar os seus negocios na Comunidade Autónoma galega. Esta acción vai dirixida a un centenar persoas emprendedoras.

Finalmente, o Consello da Xunta tamén autorizou a sinatura dun convenio coa Federación Venezolana de Galicia (Fevega) que facilitará o mantemento das oficinas de información e asesoramento, tanto na provincia de Pontevedra coma na de Ourense, así

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como unha, a maiores, itinerante, dirixidas a persoas emigrantes retornadas en Galicia. O importe da colaboración será de 50.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE CLUBES NÁUTICOS DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA RUTA TRASLATIO E IMPULSAR GALICIA COMO DESTINO TURÍSTICO NAÚTICO

- O proxecto conta con 1,3 millóns de euros para dotar de novos recursos e infraestruturas os portos deportivos e clubs náuticos vinculados á Ruta Xacobeá
- Forman parte deste proxecto os portos ou clubs náuticos de Ribeira, O Grove, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Rianxo
- O proxecto está incluído no marco das accións de cohesión en destino do Plan Xacobeo NextGeneration

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Clubes Náuticos de Galicia para a promoción da Ruta Traslátio que, no marco das accións de cohesión en destino do Plan Xacobeo NextGeneration, destina a este proxecto 1,3 millóns de euros, co obxectivo de impulsar Galicia como destino turístico náutico. O orzamento está dividido en dúas anualidades, das cales 936.162 € corresponden a este ano e 427.337 € ao vindeiro ano 2024.

O convenio ten como obxecto revalorizar os activos turísticos vinculados á Ruta Traslátio, con accións de mellora da eficiencia das infraestruturas portuarias, rehabilitación de infraestruturas e dixitalización de recursos para optimizar a experiencia do visitante náutico a Galicia. Forman parte deste proxecto os portos ou clubs náuticos de Ribeira, O Grove, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Rianxo

Levaranse a cabo actuacións de dixitalización de recursos, creación ou mellora de espazos para a recepción de visitantes e mellora de equipamentos turísticos, posta en marcha de nova oferta cultural e turística relacionada coa ruta ou a mellora da oferta de servizos dos portos deportivos e clubs náuticos coa instalación de equipamentos de control e vixilancia intelixente, dotación de equipamentos de mobilidade sustentable para a loita contra a contaminación mariña, así como sistemas de xestión ambiental, redes wifi e adaptación e mellora da eficiencia enerxética nas diferentes instalacións.

Con base neste proxecto, o Real Club Náutico Sanxenxo, Nauta Sanxenxo, Club Náutico Portonovo, Club Náutico San Vicente, Club Náutico La Toja, Marina e Estación Marítima de Vilanova de Arousa, Club Náutico Rianxo, Club Náutico Cabo de Cruz, Club Náutico Barraña, Marina Pobra do Caramiñal e Club Náutico de Ribeira acollerán diversas actuacións e melloras nas súas infraestruturas e servizos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plan Xacobeo NextGeneration

O orzamento que este plan destinou a Galicia foi de 39,2 millóns de euros co obxectivo de incorporar medidas para conservar e facer un mellor uso dos Camiños de Santiago e para impulsar a actividade turística e económica.

Ademais das accións de cohesión en destino dentro das que se insire este proxecto de revalorización da Traslatio e que contan con 8,4 millóns de euros, o programa recolle tamén os plans de sustentabilidade turística en destino, que contan cun orzamento de 8,1 millóns de euros e os proxectos de mantemento e rehabilitación dos bens de interese cultural do Camiño de Santiago, cun orzamento de 22,7 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 10,6 M€ NA ADQUISICIÓN DO EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO PARA A TELEASISTENCIA AVANZADA

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a licitación do contrato que permitirá a evolución deste servizo, pasando do botón universal a unha atención máis personalizada
- Beneficiará 10.000 galegos que poderán dispoñer de supervisión remota no domicilio e contarán con dispositivos de control de fume, gas ou temperatura
- Ademais adquiriranse terminais móbiles para a prestación de teleasistencia fóra do fogar e reloxos intelixentes para a telelocalización das persoas con maior deterioración cognitiva

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a licitación do equipamento que permitirá evolucionar o servizo de teleasistencia actual, baseado no uso dun botón universal a un novo modelo de teleasistencia avanzada máis adaptada ás necesidades dos beneficiarios. O contrato conta cun investimento de 10,6 millóns de euros para a adquisición de dispositivos tecnolóxicos, tanto para o domicilio como para a teleasistencia móbil, co obxectivo de mellorar a seguridade, calidade de vida e autonomía das máis de 10.000 persoas con dependencia que se están a beneficiar deses servizos.

Esta medida é unha das actuacións recollidas no Plan de acción para a implantación dun modelo dixital de atención sociosanitaria no período 2021–2023, elaborado conxuntamente pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Política Social e Xuventude, coa que a Administración autonómica busca favorecer a permanencia das persoas con dependencia no seu domicilio e na súa contorna social e familiar o maior tempo posible.

O novo modelo de teleasistencia domiciliaria incidirá nos seguintes aspectos: a seguridade, confortabilidade e resposta rápida ante emerxencias no fogar; a supervisión remota de situacións de risco de persoas dentro e fóra do fogar; a monitorización proactiva de rutinas individuais das persoas dependentes con máis vulnerabilidade e fragilidade sociosanitaria e a telelocalización proactiva de persoas dependentes con deterioración cognitiva.

Para acadar estes obxectivos o contrato autorizado hoxe está dividido en tres lotes. O primeiro deles está destinado á adquisición de dispositivos fixos e complementarios no fogar con sensores de lume, gas, temperatura e humidade que permitirán a supervisión remota no domicilio. Ademais, para casos de especial vulnerabilidade e fragilidade sociosanitaria prevese un equipamento extra con detectores de porta, neveira, presenza e caída para poder realizar un seguimento proactivo destas persoas con base nas súas rutinas de vida.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O segundo lote está destinado á compra de dispositivos móbiles con pulseiras de actividade para a teleasistencia fóra do domicilio. Estes dispositivos levarán incorporada a aplicación da Xunta Asist.gal, concibida como unha app de apoio á rede de persoas coidadoras con botón de SOS e control de zonas de seguridade, entre outras funcionalidades, así como a posibilidade de conexión con pulseiras de actividade.

E o terceiro lote inclúe a dotación de reloxo intelixentes para a teleasistencia móbil e a telelocalización de persoas con especial deterioración con risco de desorientación que precisan un servizo de maior exixencia en canto á garantía de xeolocalización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 1,7 M € Á NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE BICICLETAS ELÉCTRICAS E AMPLÍA A CONVOCATORIA A SISTEMAS PARA CADEIRAS DE RODAS

- O Goberno galego reforza as subvencións da iniciativa *Ebici*, que mañá convocará o *Diario Oficial de Galicia* e que se poderán solicitar a partir do 1 de xuño
- A nova convocatoria procura a plena integración das persoas con mobilidade reducida nos obxectivos da mobilidade descarbonizada
- Incide na redución do uso do coche particular e o impulso dos modos de transporte non motorizados no ámbito urbano e interurbano de proximidade, que supoñen percorridos de entre 2 e 12 km, traxectos asumibles en bicicleta de pedaleo asistido
- O programa *Ebici* recibiu 1.976 solicitudes de axuda en 2022, o que motivou a duplicación do orzamento inicialmente previsto ata acadar 1 M €, motivando a decisión de darlle continuidade á iniciativa
- Os incentivos subvencionan ata o 50 % do custo da bicicleta eléctrica, chegando ata o 60 % para familias numerosas ordinarias e ao 70 % para as de categoría especial de familia numerosa
- As axudas cobren tamén o 70 % das bicicletas de man híbridas ou eléctricas para cadeira de rodas
- As axudas tramitaranse a través dos establecementos comerciais adheridos ao programa, que poderán solicitar a inscrición no programa desde o vindeiro luns

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e praxe á liña de axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas con pedaleo asistido e amplía a nova convocatoria á bicicletas de man híbridas ou eléctricas para cadeiras de rodas, á cal se destinará un investimento autonómico de 1,7 M €.

O Executivo autonómico coñeceu o informe presentado hoxe pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre o programa de fomento da mobilidade sustentable EBici, posto en marcha a pasado ano 2022 e cuxa nova convocatoria para este ano e o vindeiro inclúe a nova liña dirixida á subvención de bicicletas de man para persoas con mobilidade reducida.

A distribución do importe deste programa será de 1 M € para 2023 e de 700.000 € para 2024.

O Programa EBici nace como unha iniciativa da Xunta que ten por obxectivo fomentar a adquisición de bicicletas eléctricas ao tempo que procura reducir a contaminación, tanto ambiental como acústica, e mellorar a saúde do conxunto da poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta nova convocatoria, e no compromiso da Xunta coa igualdade das persoas e a promoción de actuacións que faciliten a plena integración dos colectivos de persoas con discapacidade, introdúcese esta nova liña cara á plena integración das persoas con mobilidade reducida no ámbito da mobilidade alternativa.

Deste xeito, nesta nova edición, xunto coas bicicletas de pedaleo asistido, incorpórase a subvención dos dispositivos denominados *handbike*, ou bicicletas de man híbridas ou eléctricas para cadeiras de rodas, dispositivos que permiten a unha persoa usuaria de cadeira de rodas facer desprazamentos habituais sen ter que recorrer ao vehículo motorizado.

A Xunta publicará a nova convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* de mañá, venres, 5 de maio. Desde o luns, o primeiro día hábil desde a publicación no DOG, abrírase o prazo para a adscrición dos establecementos comerciais da Comunidade Autónoma como entidades colaboradoras na xestión destas axudas. Neste caso, as entidades colaboradoras contan de prazo ata o 31 de agosto de 2024 para presentaren a documentación e adscribírense ao programa.

As persoas interesadas nas axudas para a adquisición de novas bicicletas eléctricas poderán presentar a súa solicitude a partir do 1 de xuño de 2023, prazo que permanecerá aberto ata o 15 de novembro de 2024, ou ata esgotar os fondos.

Esta iniciativa entronca cun ámbito de traballo prioritario para o Goberno galego a prol da mudanza nos hábitos de mobilidade máis sustentable e na procura de minimizar o emprego do coche particular e impulsar os modos de transporte non motorizados no ámbito urbano e interurbano de proximidade. Este tipo de movementos concentran gran parte dos desprazamentos cotiáns da poboación que, na maioría dos casos, supoñen percorridos de entre os 2 e os 12 quilómetros, sendo estas marxes asumibles para o seu percorrido en bicicleta ou, grazas ao sistema de bicicletas de man que agora se incorpora, en cadeira de rodas.

Ademais, a experiencia do éxito do programa EBici na súa primeira convocatoria de 2022, con 1.976 solicitudes rexistradas e que motivaron a duplicación do crédito inicialmente previsto ata acadar un investimento autonómico de 1 M €, determinan a disposición da Xunta á consolidación desta liña de axudas ao longo dos dous vindeiros anos.

As axudas outorgaranse en réxime de concorrència non competitiva. Con carácter xeral, o importe da subvención será de ata o 50 % do prezo da bicicleta eléctrica con pedaleo asistido, co límite máximo de 500 €. No caso de integrantes dunha familia numerosa, chegará ata o 60 %, cun límite de 600 €. E o tope para quen forme parte dunha familia numerosa con categoría especial será do 70 %, cunha contía máxima de 700 €.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Igualmente, as axudas acadarán ata o 70 % do importe das bicicletas de man para cadeiras de rodas, co mesmo tope de 700 euros.

A entidade colaboradora do programa será a encargada de presentar telematicamente a solicitude de axuda, polo que a persoa interesada na axuda á adquisición de bicicletas eléctricas terá que tramitar a solicitude a través dalgunha das entidades adheridas que figuren na listaxe que publicará a web da Dirección Xeral de Mobilidade, <https://infraestructurasemobilidade.xunta.gal/mobilidade-sostible>, antes da data límite de final do prazo de presentación de solicitudes.

As entidades colaboradoras serán os establecementos comerciais situados na Comunidade Autónoma que se adhiran a este programa. As ditas entidades exhibirán nos seus centros de traballo ou puntos de venda un cartel identificativo, que leva por lema: *Enchúfate ao movemento EBici*, con independencia da información na dita web, onde estará dispoñible unha listaxe actualizada de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cartel identificativo:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LAZA PARA A MELLORA DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO NÚCLEO URBANO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 220.000 €

- Renovarase a rede municipal de abastecemento e executaranse as obras da rede saneamento das augas, con separación de pluviais e fecais, na rúa Barrio
- A Xunta financiará integramente os traballos, que prevén iniciarse en xuño para rematalos este mesmo ano, xa que contan cun prazo de execución de 3 meses
- Construirase unha nova rede de abastecemento na rúa Barrio, dunha lonxitude de 230 metros, que se completa coa instalación de válvulas e acometidas domiciliarias
- Para a rede de saneamento de augas pluviais disporase un colector soterrado que conectará coa rede existente na rúa Doutor Vila e na OU-112
- No caso da rede de saneamento de augas residuais, executarase a canalización para conectar Vila coa rede existente na rúa Doutor Vila e na estrada OU-112

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financeira co Concello de Laza para a mellora do saneamento e abastecemento de auga no núcleo urbano do municipio, que suporá un investimento de 222.495 euros.

A través desta cooperación impúlsase a mellora e renovación da rede municipal de abastecemento e a execución das obras da rede saneamento das augas, con separación de pluviais e fecais, na rúa Barrio.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, financiará integramente as obras, levará a cabo a contratación e execución dos traballos, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración técnico-financeira realizaranse os trámites para executar as obras, que se acometerán a través dunha encomenda á empresa pública Seaga. A previsión é iniciar os traballos en xuño e entregar ao Concello as novas infraestruturas hidráulicas durante este ano. Os traballos teñen un prazo de execución de 3 meses.

Esta intervención será financiada pola Unión Europea, no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuacións que se executarán

Na actualidade, a rúa Barrio conta cunha rede de saneamento unitaria, ao contrario que as rúas con que conecta, e unha rede que abasteceamento que non abarca toda a rúa. Estas redes presentan, ademais, unha deterioración debida ao paso dos anos.

Para solucionar esta situación, faise necesario unha renovación e mellora das redes, dotando a rúa dunha rede de abasteceamento e executando unha rede de saneamento separativa.

Para iso, proxéctase a renovación e mellora da rede de saneamento, con separación de augas pluviais e augas fecais, e a renovación e mellora da rede de abasteceamento.

Máis concretamente, mediante a colaboración técnico-financeira autorizada hoxe polo Executivo autonómico, executarase unha nova rede de abasteceamento na rúa Barrio, dunha lonxitude prevista de 230 metros, que se completa coa instalación de válvulas e acometidas domiciliarias.


Para a rede de saneamento de augas pluviais prevese a construción dun colector soterrado que conectará coa rede existente na rúa Doutor Vila e na estrada OU-112, respectivamente.

No caso da rede de saneamento de augas residuais, executarase a canalización para conectar Vila coa rede existente na rúa Doutor Vila e na estrada OU-112.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos municipais de saneamento, depuración e abasteceamento e continuar mellorando a calidade de vida da poboación no rural.

Planos da localización da zona de actuación prevista extraída do proxecto construtivo:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ELEVARÁ AS AXUDAS PARA A COMPRA DE LIBROS E AMPLIARÁ O VALE PARA MATERIAL ESCOLAR ÁS FAMILIAS CON RENDA ATA 10.000 € *PER CÁPITA*

- Advirte que o contexto actual de inflación fai necesario “redoblar os esforzos” para axudar as familias na adquisición dos libros de texto
- Salienta que se consolida o vale para material de 75 € para as familias con menos renda, mentres que as de ingresos superiores a 6.000 e iguais ou inferiores a 10.000 € recibirán un de 60 € por primeira vez
- Destaca que se incrementará nun 40 % o número de alumnos beneficiados por estes vales de material, ao pasar de 95.000 a 130.000
- De 3º de primaria a 4º de ESO as familias poderán beneficiarse do Fondo Solidario de Libros e obter case a totalidade de balde
- No resto do ensino obrigatorio as axudas para a compra de libros experimentan unha suba xeneralizada e oscilarán entre os 160 € e os 270 €, en función dos ingresos de cada familia e das etapas en que estuden os seus fillos
- Os escolares matriculados en educación especial recibirán unha axuda de 300 €

O presidente da Xunta, Afonso Rueda, anunciou hoxe que, co obxectivo de axudar as familias ante o contexto de inflación, o Goberno galego incrementará no novo curso escolar 2023/24 as axudas para a adquisición de libros de texto. Ademais, adiantou que se estenderá o vale para material escolar a todas as familias con renda *per cápita* da unidade familiar igual ou inferior aos 10.000 euros, xa que lembrou que, ata momento, esta axuda só a percibían as rendas iguais ou inferiores aos 6.000 euros. Deste xeito, salientou que se incrementará nun 40 % o número de alumnos beneficiados por estes vales de material, “ao pasar de 95.000 a 130.000”, precisou.

“No momento actual de inflación faise moito máis necesario redoblar os esforzos para axudar as familias”, argumentou Rueda para defender esta medida que suporá, segundo concretou, destinar case 26 millóns de euros a estas achegas e ao Fondo Solidario de libros e que beneficiará o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o vindeiro curso escolar.

O mandatario galego explicou que, neste curso 2002/23, o 73 % do alumnado de centros públicos recibiu este curso axudas para libros (do fondo solidario, para mercalos ou libros dixitais) e un 60 % tivo un vale para mercar material escolar, “e agora con estas medidas a achega será sensiblemente máis elevada”, puxo en valor Rueda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ampliación das familias beneficiarias do vale de material escolar

O presidente da Xunta apuntou que a principal novidade no sistema é a ampliación do vale de material escolar a todas as familias con renda *per cápita* igual ou inferior aos 10.000 euros. Para iso, replicando o funcionamento das axudas para a compra de libros, establécense dous tramos de renda.

No primeiro deles, rendas *per cápita* iguais ou inferiores a 6.000 euros, consolídase o vale de 75 euros, reforzado o pasado setembro (antes eran 50 euros) para facer fronte á subida de prezos. No segundo, de nova incorporación nesta convocatoria e que comprende as rendas superiores a 6.000 € e iguais ou inferiores a 10.000 euros, o vale será de 60 euros por alumno.

No caso do alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario do vale de 75 euros con independencia da renda.

Axudas á compra de libros

O funcionamento das axudas para a compra de libros mantense invariable, cos mesmos tramos de renda, pero o presidente da Xunta salientou o incremento xeneralizado nas contías, que oscilarán entre os 160 € e os 270 euros, fronte aos 140 euros e os 240 euros do curso pasado. Cómpre lembrar que estas subvencións abranguen os dous primeiros cursos de primaria, en que os libros non son reutilizables. Concédense tamén ás familias con fillos con necesidades específicas de apoio educativo, e en toda a educación especial.

Para os escolares de 1 e 2º de primaria, a axuda continuará dependendo da renda *per cápita* da unidade familiar. No primeiro tramo (igual ou inferior a 6.000 €) será de 240 euros (ata agora eran 210), mentres que no segundo tramo (renda superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros) será de 160 euros (140 € na última convocatoria).

No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que non poida usar libros do fondo, hai axudas para todos os cursos de primaria e ESO. Na etapa de primaria, as familias do primeiro tramo de renda percibirán 240 € por fillo (ata o momento 210 euros) e as do segundo 160 euros (140 na anterior convocatoria). Na etapa de ESO, as familias do primeiro tramo de renda poderán acceder a unha axuda de 270 euros (240 euros ata agora) e as do segundo tramo a 180 euros (160 euros na última convocatoria).

Para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado, con independencia da renda *per cápita* da unidade familiar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos, en unidades de educación especial de centros ordinarios ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, recibirá 300 euros, con independencia da renda *per cápita* da unidade familiar. Ata o momento percibían 275 euros.

Fondo Solidario de Libros

En xeral, salvo as especificidades xa sinaladas para a educación especial e o alumnado con necesidades específicas, desde 3º de primaria a 4º de ESO funcionará o Fondo Solidario de Libros. A asignación de libros de texto farase, ao igual que en cursos anteriores, por orde inversa á renda *per cápita* da unidade familiar. En calquera caso, terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da súa renda familiar.

Así, o alumnado con renda *per cápita* igual ou inferior a 6.000 euros, ou que estea en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % (nestes dous últimos casos con independencia da renda) ten garantido o acceso a seis libros. Pola súa banda, as familias con tramos de renda *per cápita* entre 6.000 e 10.000 euros terán acceso a catro. Será requisito fundamental para acceder ao Fondo Solidario ou recibir as axudas para libros ou material escolar ter devolto os libros do curso anterior.

Ademais, e para os casos en que o centro educativo debe adquirir algún libro para o Fondo Solidario por non seren suficientes para cubrir a asignación os existentes, a Xunta incrementa en 5 euros o importe máximo que aboará por cada libro complementario, que ascende a 40 euros en primaria e a 45 euros na ESO.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS PREMIOS DE EXCELENCIA ACADÉMICA DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA HOMENAXEARÁN A MESTRA FERROLÁ ÁNGELA RUIZ ROBLES

- O Consello da Xunta aproba o cambio de denominación destes galardóns, que recoñecen os alumnos con mellores resultados
- Esta pioneira do ensino inventou a enciclopedia mecánica, o antecedente do libro electrónico, no marco da súa vocación innovadora
- Destacou polo seu labor en prol da educación para as persoas máis desfavorecidas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o cambio de denominación dos premios de excelencia académica ao alumnado de grao das universidades do Sistema universitario de Galicia, co fin de que estes galardóns rendan homenaxe á mestra ferrolá Ángela Ruiz Robles.

Con esta medida identifícanse os galardóns ao alumnado máis destacado en cada curso académico coa figura de Ángela Ruiz Robles e diferénciase esta distinción doutras similares existentes a nivel de cada unha das universidades. Así mesmo, búscase poñer en valor as achegas desta mestra no eido da educación, que destacou polo seu perfil emprendedor e innovador. Non en balde, Ángela Ruiz Robles foi un exemplo de valores como o esforzo, o tesón, a excelencia, a continua aprendizaxe, a vocación de servizo á sociedade, idóneos para vencellos a esta convocatoria de galardóns.

Nacida no ano 1895 en Villamanín (León), Ángela Ruiz Robles trasladouse en 1918 a Ferrol logo de gañar por oposición unha praza de mestra nacional, onde se estableceu para o resto da súa vida. Foi docente e directora de varias escolas, como a de nenas no Hospicio de Ferrol ou o Instituto Ibáñez Martín. Así mesmo, fundou a Academia Elmaca na que desenvolveu un labor pedagóxico e social que lle valeu a concesión en 1947 da Cruz de Alfonso X o Sabio, por accións como impartir clases nocturnas gratuítas ás persoas con poucos recursos.

Foi unha pioneira no eido do ensino e, en especial, na invención dunha enciclopedia mecánica, cuxa patente rexistrou en 1949, e que está considerada o antecedente do libro electrónico. O primeiro prototipo, construído en 1962, deu como resultado un artefacto que permitía, entre outras funcións, formar palabras, oracións e textos a partir da interacción de teclas e dispositivos distribuídos nunha especie de caixa. Ademais de leccións de gramática, cálculo, inglés e francés, era posible a lectura en horizontal e vertical e a inclusión de máis temas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais deste carácter innovador, na súa traxectoria docente, Ángela Ruiz Robles caracterizouse por unha vocación de servizo desinteresado e comprometida cos seus alumnos e a súa comunidade. Deu moita importancia ao ensino de idiomas, a aprendizaxe intuitiva, o uso de ilustracións e outros recursos docentes innovadores para o seu tempo. Ademais do seu labor como docente e como inventora, escribiu 16 libros dedicados á educación e á pedagogía centrados no obxectivo de facer o ensino máis áxil e interactivo.

Os galardóns

Os premios de excelencia académica destínanse ao alumnado universitario de grao oficial que obtivese as mellores cualificacións en cada curso académico nas universidades galegas.

Concédese un recoñecemento por cada un dos cursos en que se estruturan os plans de estudos das titulacións oficiais de grao, agás no derradeiro curso (dado que estes optan aos premios fin de carreira), e en cada un dos centros en que se imparten. A contía dos premios é de 1.100 €, cunha contía adicional de 500 € para os galardoados cunha nota igual ou superior ao nove.

Os aspirantes deben ter unha media, como mínimo, de oito puntos no seu expediente académico e ter superados nese curso un mínimo de 60 créditos, sen contar os recoñecidos, validados ou adaptados.

Os premios outórganse de oficio, por proposta das universidades galegas, encargadas de certificar os datos das persoas coa nota media máis alta en cada un dos cursos dos plans de estudos oficiais de grao de cada centro, e as persoas propostas limitaranse a manifestar a súa aceptación expresa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A ACELERACIÓN DO SECTOR DAS ARTES ESCÉNICAS CUNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DE MÁIS DE 330.000 EUROS

- O Consello aproba crear unha convocatoria de subvencións para proxectos que favorezan o crecemento do tecido empresarial e profesional neste ámbito, a súa transformación dixital, a interconexión con outros sectores e un mellor acceso ao financiamento
- Apoiarase unha decena de iniciativas con ata 42.000 euros
- Os criterios de selección priman as empresas de recente creación, a estabilidade laboral, a xeración de emprego feminino e de menores de 30 anos, o uso do galego ou a existencia dun plan de negocio previo, entre outros factores

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases para crear unha nova convocatoria de subvencións para a aceleración cultural das artes escénicas galegas cun investimento de 336.000 euros. A finalidade desta liña de axudas, en réxime de concorrência competitiva, é impulsar a profesionalización empresarial do sector a través de proxectos que doten as entidades subvencionadas das ferramentas necesarias para mellorar as súas habilidades emprendedoras e financeiras no marco das industrias culturais.

Os obxectivos que persegue a súa posta en marcha entroncan con dous dos eixes de actuación que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades está a desenvolver no marco do Plan xeración cultura 2023, a folla de ruta de 34M € para acompañar o sector cultural. En concreto, esta aceleradora entronca coa innovación, dixitalización e modernización (eixe 3) e proxección exterior, internacionalización e formación (eixe 5).

A través desta nova liña de axudas apoiaranse unha decena de pemes, microempresas ou persoas traballadoras autónomas, que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia nos ámbitos do teatro, danza, novo circo e maxia. Establécese unha axuda máxima de 42.000 euros por proxecto, que pode supoñer ata o 80 % do orzamento subvencionable.

Os proxectos deberán especificar en detalle as accións de aceleración e/ou investimento encamiñadas a acadar os obxectivos especificados nas bases no sentido de acelerar o crecemento do tecido empresarial e profesional do sector, impulsar a súa transformación á cultura dixital e a incorporación de novas tecnoloxías, favorecer as

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

interconexións entre as industrias culturais e entre estas con outros sectores económicos, e favorecer o acceso ao financiamento.

Con tales fines, deberanse recoller diferentes accións de aceleración e investimentos vinculados ás catro liñas de gastos subvencionables que se detallarán nas bases: acompañamento ás empresas, formación, mediación, incubación ou mentoría en materia de comunicación, márketing, internacionalización ou financiamento; participación en xornadas, talleres e seminarios; apertura de novas liñas de negocio e/ou novos mercados, e transformación dixital.

Criterios automáticos e técnicos

Para a selección das propostas seguirase un baremo de criterios automáticos e técnicos, que primará, entre outros aspectos, as empresas de recente creación, a estabilidade do persoal contratado, a xeración de emprego feminino, de menores de 30 anos e de persoas con discapacidade, o uso da lingua galega, a existencia previa dun plan de negocio ou a viabilidade, sustentabilidade ou potencial crecemento do proxecto.

A Axencia Galega das Industrias Culturais xestionará este novo programa de aceleración cultural con financiamento dos fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia. Entronca, neste sentido, coa nova aceleradora musical Sonemerxente, que a Xunta está a desenvolver coa Fundación Paideia como entidade colaboradora. Nese caso, as accións de aceleración deron comezo a finais de marzo cunha primeira fase en que unha decena de artistas e grupos seleccionados están a ser titorizados por primeiras figuras da industria musical a nivel estatal e internacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 70M€ NA FORMACIÓN DE 23.000 PERSOAS DESEMPREGADAS NO PERÍODO 2023-2024

- O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria de accións formativas para persoas desempregadas (AFD) dirixida a entidades ou centros acreditados
- Serán colectivo prioritario da oferta formativa persoas afectadas por ERTE, con discapacidade, mulleres, vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos, desempregados de longa duración ou emigrantes retornados
- O Goberno galego impulsará accións con maior demanda a nivel galego e comarcal
- Valorarase a oferta de certificacións relativas á seguridade da información, xestión ambiental e responsabilidade social

O Goberno galego investirá máis de 70 millóns de euros en axudas para financiar accións formativas promovidas por centros acreditados e dirixidas a mellorar a cualificación dunhas 23.000 persoas no período 2023-2024.

O Consello deu hoxe visto e praxe a unha nova convocatoria, a primeira deste ano, de accións formativas para persoas desempregadas (AFD) coa que pretende mellorar a súa cualificación como unha das claves para avanzar na súa inserción laboral.

Ditas accións están dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais relacionadas cos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás necesidades de adaptación aos cambios operados nos sectores produtivos.

A convocatoria seguirá a apostar pola formación flexible e adaptada ás necesidades do alumnado. Atenderá ademais as especiais condicións nas que se atopan persoas afectadas por ERTE, suspensións de contratos de traballo ou con redución de xornada, así como as galegas e galegos con discapacidade física, psíquica ou sensorial. Poderán tomar parte nestas accións -cun tope do 30% de participación- persoas traballadoras ocupadas sempre que as prazas non se cubran con desempregados.

Poderán acceder ás axudas convocadas centros ou entidades de formación debidamente acreditados para impartir formación profesional para o emprego en Galicia en modalidade presencial, a distancia ou mixta.

Entre outras novidades, a Xunta simplificou a estrutura e contidos do texto normativo así como todas as fases do proceso. En canto aos criterios de avaliación técnica das solicitudes, priorizaranse agora especialidades formativas con maior demanda a nivel Galicia e comarca e se valorará o grao de execución das actividades formativas concedidas en convocatorias anteriores. O Goberno galego quere impulsar, ademais,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

novas certificacións de organismos acreditados relativas á seguridade da información, xestión ambiental e responsabilidade social

Na fase de tramitación, a Xunta de Galicia terá en conta a participación nas formacións de colectivos prioritarios como mulleres, vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos, desempregados de longa duración e emigrantes retornados. Así mesmo mantense o apoio ás actividades con participación do 100% do alumnado con discapacidade.

Unha vez concretada a oferta, os alumnos e alumnas poderán acceder a estes cursos a través das oficinas de emprego de Galicia, da páxina web: <https://emprego.xunta.gal> ou mediante solicitude directa ás entidades de formación beneficiaria.

O orzamento da última convocatoria foi de 64,5 millóns de euros. A Xunta aposta un ano máis por esta liña de axudas para brindar unha formación para o emprego de calidade, , que permita mellorar a empregabilidade de galegas e galegos.

A inserción laboral media que se acada con estas accións formativas sitúase no 69%, é dicir, case sete de cada 10 persoas que participan nas accións conseguen a súa meta de acceder ao mercado laboral cun contrato.

O programa insírese no Plan galego de formación para o emprego, dotado para o presente ano con máis de 125 millóns de euros, para continuar a impulsar unha formación dual e flexible, axustada ás tendencias do tecido produtivo e ao cada vez máis competitivo mercado laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA UN NOVO PROGRAMA DE EMPREGO QUE FARÁ UN SEGUIMIENTO MÁIS PERSONALIZADO A PERSOAS CON DIFICULTADES PARA ATOPAR UN TRABALLO PARA INTEGRALAS NO MERCADO LABORAL

- Resaltou a posta en marcha dun “pioneiro” Programa de seguimento intensivo da demanda de emprego que busca atopar as casuísticas concretas que están dificultando a determinados perfís a súa incorporación a un posto de traballo
- Destaca que Galicia ten ata 15.000 postos se cubrir e que, con esta iniciativa, búscase “axustar a demanda do mercado laboral coa dispoñibilidade de persoas desempregadas”
- A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade subliñou que os beneficiarios van ter un seguimento individualizado durante 6 meses co obxectivo de “lograr a súa integración no mercado laboral”
- A iniciativa vai dirixida ás persoas que rexeitan unha oferta ou abandonan sen xustificación un servizo de orientación e/ou formación
- Tamén formarán parte as persoas que levan 5 anos inscritas no Servizo Público de Emprego de xeito ininterrompido sen acceder a un posto laboral, as que non confirman a súa dispoñibilidade a tres ofertas de emprego nun ano ou as que non se presenten ás citas de orientación laboral e non teñan un itinerario de emprego activo
- O persoal encargado de realizar esta actuación, que se enmarca na modernización do Servizo Público de Emprego, serán os 136 novos orientadores laborais con que a Xunta reforzou este servizo hai uns meses

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a creación dun programa “pioneiro” de seguimento e apoio personalizado a aquelas persoas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia que presentan dificultades para atopar un traballo coa finalidade de axudalas a reintegrarse no mercado laboral. “O obxectivo é axustar a demanda do mercado laboral, os postos de traballo nos que hai vacantes coa dispoñibilidade de persoas desempregadas”, indicou Rueda, quen explicou que na actualidade hai uns 15.000 postos de traballo sen cubrir mentres o Servizo Galego de Emprego conta con máis de 139.000 inscritos.

Para iso, o Consello deu hoxe o visto e praxe ao Programa de seguimento intensivo da demanda de emprego que permitirá ter datos actualizados e reais das circunstancias das persoas na busca dun posto de traballo. O obxectivo é acadar que as circunstancias actuais das persoas demandantes de emprego encaixen coas súas demandas rexistradas no Servizo Público de Emprego, podendo, deste xeito, adaptalas ás súas necesidades reais, así como informarlas, explicarlles e ofrecerlles de xeito individual e personalizado

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os múltiples servizos que presta Emprego Galicia, coa finalidade última da mellora da empregabilidade das persoas usuarias. Así tamén o Goberno galego busca facer máis efectivo, eficaz e xusto un sistema público de emprego adaptado ás novas necesidades do mercado laboral e dar saída ás vacantes de traballo que existen na actualidade en diversos sectores económicos.

O programa busca analizar a situación de certos demandantes de emprego para ver cales son os problemas que dificultan que non atopen un posto de traballo. En concreto, tal e como explicou a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, este programa personalizado está dirixido ás persoas que se atopen nalgunha destas casuísticas: "que teñan rexeitado unha oferta de emprego ou abandonen sen xustificación un servizo de orientación ou/e de formación"; "que leven máis de 5 anos inscritas de xeito ininterrompido no Servizo Público de Emprego de Galicia sen acceder a un emprego" e non teñan un itinerario ou plan personalizado de emprego (IPE) activo nos últimos 12 meses; "que non teñan confirmado a súa dispoñibilidade para tres ofertas nun período de 12 meses", e "non se presenten a citas de orientación laboral" nos centros colaboradores do Servizo Público de Emprego de Galicia e non sexa posible o seu contacto telefónico e, ademais, non teñan un itinerario ou plan personalizado de emprego (IPE) activo.

O novo programa activarase, así, cando nunha oficina de emprego se rexistre algún destes casos. Durante o desenvolvemento desta actuación, poderase incluír xustificadamente a novos colectivos prioritarios ou modificar os existentes.

136 orientadores laborais

Lorenzana informou de que as persoas que estean nesas situacións recibirán unha cita de orientación na súa oficina de referencia para iniciar esa revisión personalizada e a busca de solucións específicas. "A idea é levar a cabo un seguimento de durante un mínimo de 6 meses para intentar que logre integrarse no mercado laboral", indicou.

Pero ademais, tal e como resaltou o presidente da Xunta, grazas a este programa poderán previrse "disfuncións ou intentos de fraude" no caso de detectar a persoas inscritas como demandantes de emprego, pero que non cubren ofertas de traballo de forma voluntaria. Nesta liña, Lorenzana indicou que tras a realización do seguimento personalizado será posible "iniciar expedientes" que poderían poñer en risco as prestacións vencelladas ao emprego que reciba esa persoa.

Os encargados de desenvolver este novo programa serán as e os 136 novas orientadoras e orientadores laborais con que a Xunta reforzou o ano pasado o Servizo Público de Emprego de Galicia. Este reforzo de persoal en toda Galicia, xunto coas ferramentas que proporcionan as novas tecnoloxías, permitirán identificar estas persoas e facer un seguimento máis polo miúdo das súas circunstancias persoais e laborais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta vai achegarse a estes perfís co espírito de facer, polo tanto, un seguimento máis intensivo e personalizado para integralas no mercado de traballo, tratando de detectar carencias do sistema ou do demandante, redefinindo o seu perfil e itinerario de inserción laboral, e intensificando a relación e o intercambio de información.

A iniciativa, ademais, mellorará o fluxo de información das oficinas de emprego de Galicia e incrementará a eficiencia do novo sistema do distrito único autonómico implantado no ano 2022 que permite a atención de todos os galegos e galegas en calquera oficina de Galicia, con independencia do seu lugar de residencia.

O novo programa forma parte do proceso de modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia que está a acometer a Xunta cun investimento de máis de 9 millóns de euros para facer máis accesibles, máis próximos e máis dinámicos os servizos de emprego -liderados pola Administración autonómica- aos traballadores e ao tecido empresarial galego, conseguindo atender axilmente as súas necesidades.

Tamén está a seguir como obxectivo, mellorar o índice de empregabilidade e estabilidade nun emprego mediante a mellora da cualificación profesional das persoas traballadoras galegas ao longo da vida, a través dunha formación flexible e adaptada aos cambios do mercado laboral e dunha orientación e asesoramento personalizado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 5,8M€ PARA A COMPRA DE XERADORES DE IMPULSO E ELÉCTRODOS DESTINADOS AO TRATAMENTO DE TRASTORNOS DO MOVEMENTO

- A estimulación cerebral profunda é un tratamento eficaz e unha alternativa terapéutica na enfermidade de Párkinson
- Trátase do primeiro expediente de compra centralizada deste tipo de material

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou o expediente de contratación da subministración sucesiva de xeradores de impulso e eléctrodos para o tratamento de trastornos do movemento con destino á área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe de 3.440.801 euros, para unha duración inicial de tres anos, e un valor estimado de 5.838.936 euros

Trátase do primeiro expediente de compra centralizada deste tipo de material, aínda que o seu único destinatario é a área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, debido a que o seu servizo de Neuroloxía conta cunha unidade asistencial que, no ano 2012, obtivo a cualificación de unidade de referencia a nivel nacional na cirurxía do trastorno do movemento, que a capacita para a asistencia a doentes afectados desas patoloxías provenientes tanto das restantes áreas sanitarias de Galicia como doutras comunidades autónomas. O obxectivo final desta compra centralizada é unha redución media dos prezos actuais dun 5%.

A estimulación cerebral profunda é un tratamento eficaz e unha alternativa terapéutica na enfermidade de párkinson, estando indicada cando aparecen complicacións motoras incontrolables co tratamento farmacolóxico, considerándose unha operación minimamente invasiva e de riscos moi baixos.

O tratamento consiste en colocar uns eléctrodos no núcleo pálido do cerebro, que realizarán unha función de marcapasos para modular o latido anormal das neuronas. O obxectivo desta neurocirurxía é reducir os espasmos musculares indesexables, mellorando a actividade motora voluntaria e a coordinación dos movementos en xeral, de xeito que redunde na calidade de vida do doente.

A intervención realízase en pacientes que sofren trastornos de movemento de intensidade moderada ou grave, e que non presentan outros problemas neurolóxicos graves asociados. O sistema queda implantado baixo a pel, non sendo visible para o resto das persoas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta primeira contratación centralizada preténdese progresar na excelencia no tratamento das enfermidades neurolóxicas no Sergas, que, por outro lado, foi o primeiro sistema público de saúde de España, e un dos primeiros de Europa, en contar coa tecnoloxía máis avanzada contra o párkinson e o tremor esencial, ao adquirir o equipo de ultrasóns de frecuencia focalizada (HIFU), emprazado no Hospital Clínico de Santiago. Ata actualidade, e dende o 2021, no que comezou a funcionar o HIFU, o Sergas tratou a máis de 110 pacientes, dos que ao redor de 30 eran de fóra de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 14,8 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A ATENCIÓN QUE PRESTAN 12 ENTIDADES SOCIAIS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- Garante o servizo que ofrecen estas organizacións a 64.000 persoas e as súas familias por toda a Comunidade
- Todas elas contarán cun anticipo do 80% do importe da axuda, para que xa desde o primeiro momento contén coa liquidez suficiente para realizar o seu labor

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura de 12 convenios con outras tantas entidades de atención á discapacidade ás que se destina un importe de máis de 14,8 millóns de euros, o que permitirá atender a 64.000 persoas, un 20% máis que o ano pasado.

De igual forma que en anos anteriores, todas elas contarán cun anticipo do 80% do importe da subvención, para que xa desde o primeiro momento contén coa liquidez suficiente para seguir realizando o seu labor.

Entre as entidades que recibirán esta achega autonómica atópanse as federacións integradas polas asociacións dedicadas a mellorar a atención ás persoas xordas (Faxpg), as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (Fademga-Plena Inclusión), con enfermidades mentais (Feafes), con doenzas raras e crónicas (Fegerec), con dano cerebral (Fegadace) e con parálise cerebral e patoloxías afíns (Aspace).

Tamén se beneficiarán destas subvencións as organizacións Special Olympics, a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat), Down Galicia, Autismo Galicia, a Asociación de Parapléxicos e de Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym) e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA MÁIS DE 1,3 M € EN AXUDAS PARA A PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS APÍCOLAS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe estas achegas que se publicarán en breve no *Diario Oficial de Galicia*, enmarcadas na Intervención Sectorial Apícola do Plan estratéxico nacional da PAC 2023-2027
- Poderán ser beneficiarias aquelas persoas titulares de explotacións apícolas, incluídas as de titularidade compartida, así como as agrupacións de apicultores
- A Xunta foi incrementando ano a ano estas axudas desde 2015, acadando o ano pasado máis de 2.000 explotacións beneficiadas con preto de 190.000 colmeas
- A importancia da apicultura é tal que a Comisión Europea considera que as abellas contribúen anualmente con 22.000 millóns de euros á agricultura europea

O Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas destinadas á mellora das condicións xerais de produción e comercialización dos produtos apícolas, enmarcadas na Intervención Sectorial Apícola recollida no Plan estratéxico nacional da política agraria común (PAC), que teñen como obxectivos principais contribuír á protección da biodiversidade, mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor e modernizar o sector. O orzamento destas achegas para esta nova convocatoria é de 1.323.229,98 euros, e prevese unha ampliación orzamentaria con base na repartición sectorial entre todas as comunidades autónomas que se vén de aprobar, de arredor de 100.000 euros máis.

No marco destas axudas, a orde prevé cinco liñas de intervención. Así, na primeira -orientada a servizos de asesoramento, asistencia técnica, formación, información e intercambio de mellores prácticas, en particular mediante actividades de colaboración en redes, para apicultores/as e organizacións de apicultores/as- será subvencionable a contratación de persoal técnico e de especialistas para prestar información e asistencia a persoas apicultoras, así como de persoal de administración. Tamén se poderá financiar tanto a organización de cursos e xornadas como a edición de folletos e publicacións como sistema de divulgación.

Na segunda liña, subvencionaranse investimentos para loitar contra os invasores e as enfermidades das colmeas, en particular a varroose ou a avespa velutina; para previr os danos ocasionados por fenómenos climáticos adversos e fomentar o desenvolvemento e a utilización de prácticas de xestión adaptadas a unhas condicións climáticas cambiantes; para repoboar as colmeas mediante a cría de abellas ou para a racionalización da transhumancia.

Na terceira liña, sobre as actuacións para prestar axudas aos laboratorios na análise de produtos apícolas, a perda de abellas ou as caídas na produtividade, e de substancias potencialmente tóxicas para as abellas, financiarase a contratación de servizos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

análise do mel e de produtos apícolas por apicultores/as e agrupacións de apicultores/as, a adquisición de equipos e outro material para análise ou a contratación de servizos de análise de abellas, os seus produtos e outras matrices das colmeas para detección de praguicidas.

Na cuarta liña, sobre promoción, comunicación e comercialización, incluídas accións e actividades de vixilancia do mercado destinadas, en particular, a sensibilizar os consumidores sobre a calidade dos produtos apícolas, darase axuda para estudos de viabilidade económica e/ou de custos de produción das explotacións apícolas, estudos de mercado ou elaboración de proxectos piloto sobre novos produtos apícolas e/ou novas formas de presentación ou actividades de información e promoción do consumo do mel e produtos apícolas.

Por último, na quinta liña -relativa a actuacións para aumentar a calidade dos produtos- englobanse accións de promoción, creación e mantemento, incluíndo, se é o caso, os gastos de certificación, de figuras e normas de calidade dos produtos apícolas por parte das agrupacións de apicultores/as ou o seguimento da cadea de calidade dos meles no mercado.

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas titulares de explotación apícolas, incluídas tamén aquelas que sexan integrantes de explotacións de titularidade compartida, e as agrupacións de apicultores. Algúns dos requisitos para a obtención destas achegas é levar realizado actividade apícola con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano da presentación da solicitude, ser titular dunha explotación de máis de 15 colmeas a título individual ou 50 colmeas se solicitan axudas para realizar a transhumancia. Para o caso das agrupacións de apicultores, a solicitude deberá incluír, como mínimo, 1.500 colmeas.

Cabe engadir que -máis aló da ampliación orzamentaria prevista- estas axudas súmanse ás publicadas recentemente para o período estendido do Programa nacional apícola 2020-2022, é dicir desde o 1 de agosto ao 31 de decembro do ano 2022, que contaron cunha dotación orzamentaria de 80.000 euros.

Importancia do sector

Cómpre lembrar que a apicultura xoga un papel fundamental tanto na conservación da biodiversidade e dos hábitats, como na sustentabilidade da economía. A Comisión Europea considera que as abellas contribúen anualmente con 22.000 millóns de euros á agricultura europea.

Cabe sinalar que a Xunta foi incrementando ano a ano estas axudas desde 2015, acadando o ano pasado máis de 2.000 explotacións beneficiadas con preto de 190.000 colmeas, o que supón o dobre do acadado na convocatoria de sete anos antes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A nosa comunidade conta coa indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia. Con datos de 2021, en Galicia comercializáronse preto de 230 toneladas de produto amparado por este selo, cun valor económico estimado de preto de 2 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PRETO DE 69.000 ASPIRANTES PARTICIPARÁN EN 92 PROCESOS SELECTIVOS QUE SE CELEBRARÁN ENTRE XUÑO DE 2023 E FEBREIRO DE 2024

- O Goberno galego traballa nesta planificación que busca achegar maior seguridade aos opositores e facilitar unha resolución áxil dos procesos
- A Consellería de Facenda e Administración Pública afronta a realización do maior número de procesos selectivos xamais feitos pola Administración galega

Preto de 69.000 aspirantes participarán en 92 procesos selectivos da Administración autonómica que se celebrarán entre o mes de xuño de 2023 e febreiro de 2024. Son datos que figuran no informe da Consellería de Facenda e Administración Pública no cal se dá conta ao Consello da Xunta da planificación dos procesos selectivos convocados no ámbito da Función Pública.

Coa programación temporal dos primeiros exercicios de cada un dos procesos preténdese achegar maior seguridade aos opositores e facilitar unha resolución áxil destes.

A Consellería de Facenda e Administración Pública afronta nos vindeiros meses a realización do maior número de procesos selectivos xamais feitos pola Administración galega. Neste marco, o informe recolle, con carácter orientativo e para facilitar a organización dos opositores, a previsión de realización dos primeiros exames de todos estes procesos, que inclúen prazas de acceso libre, prazas de promoción interna e as prazas dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Realización das probas

Entre os meses de xuño de 2023 e febreiro de 2024 está prevista a realización do primeiro exame de 92 procesos selectivos de acceso libre, de estabilización e de promoción interna.

Os 25 procesos con maior volume de participantes terán lugar no recinto feiral de Silleda nos meses de xullo, setembro, outubro e novembro do ano 2023 e febreiro de 2024.

Os procesos selectivos previstos para o mes de xullo serán os de acceso libre. Correspóndense cos corpos e escalas da Administración xeral, concretamente os grupos A1 (corpo superior), A2 (corpo xestión), C1 (corpo administrativo), C2 (corpo auxiliar), AP

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(subalternos) e de administración especial, escala de auxiliar de clínica e escala de auxiliar coidador, ambos do grupo C2.

Nos meses de setembro e outubro realizaranse os procesos selectivos do grupo A2, educador infantil e educador social, do grupo C1, educador infantil, do grupo C2, auxiliar de cociña e PSX e AP limpeza e cociña.

No mes de novembro realizaranse os procesos selectivos vinculados ao servizo de prevención e extinción de incendios forestais das categorías laborais dos grupos IV e V e do grupo C2 bombeiro forestal. Finalmente, no mes de decembro os procesos selectivos de estabilización de auxiliar de clínica e auxiliar coidador (ambos do grupo C2).

No mes de febreiro de 2024 realizaranse os procesos selectivos de estabilización dos corpos xerais A1 (corpo superior), A2 (corpo xestión), C1 (corpo administrativo), C2 (corpo auxiliar), e AP (subalternos) para o ingreso en prazas reservadas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

Os 67 procesos selectivos restantes celebraranse entre a EGAP e a Facultade de Dereito da USC e serán en xullo e outubro de 2023 e xaneiro e febreiro de 2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ ESTE MES POR 9 M € O PROGRAMA DE AXUDAS PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS E EDIFICIOS RESIDENCIAIS

- É o segundo ano consecutivo que o Goberno galego aposta por esta liña de incentivos, coa que aspira a facer máis accesibles ao redor de 1.700 vivendas galegas
- As actuacións subvencionables deberán facilitar a adaptación dos inmobles para o seu uso por persoas con algunha discapacidade a través, por exemplo, da instalación de ascensores e salva escaleiras, da mellora dos accesos desde a vía pública ou da dotación de produtos de apoio, sistemas de guiado, sinais luminosos e sonoros
- Poderán beneficiarse propietarios, usufrutuarios e mesmo inquilinos dos inmobles, comunidades de veciños, sociedades cooperativas e tamén empresas construtoras
- O importe da axuda variará segundo o tipo de vivenda e chegará ata os 18.000 € cando algún dos residentes acredite un grao de discapacidade do 33 % ou superior

A Xunta convocará este mes de maio por un orzamento global de 9 millóns de euros o programa de axudas para a mellora da accesibilidade en e ás vivendas, unha liña de incentivos xestionada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co fin de facilitar a adaptación tanto exterior como interior de diferentes tipos de inmobles residenciais para o seu uso por persoas con algún tipo de discapacidade.

O Consello foi informado hoxe da resolución pola que se procederá a convocar por segundo ano consecutivo estas subvencións, que se enmarcan no Plan para o acceso á vivenda 2022-2025 e coas que o Goberno galego aspira a facer máis accesibles ao redor de 1.700 vivendas no conxunto da Comunidade.

O obxectivo é apoiar economicamente os solicitantes no financiamento de intervencións e obras que contribúan a eliminar barreiras arquitectónicas ou faciliten o acceso tanto en vivendas unifamiliares como en edificios de uso colectivo. Ademais, as actuacións poderán realizarse non só dentro dos propios inmobles senón tamén nos espazos e zonas comúns e naqueles que serven para comunicalos co exterior.

Entre as obras subvencionables inclúense, por exemplo, a instalación de ascensores, salva escaleiras, ramplas ou mecanismos motorizados para a apertura de portas; as reformas dos accesos desde a vía pública; a colocación de produtos de apoio como guindastres, sistemas tecnolóxicos de guiado, sinais luminosos, visuais, táctiles ou sonoros; dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior; a domótica e outro tipo de tecnoloxía que favoreza a autonomía persoal; e calquera intervención que facilite a accesibilidade universal no interior das vivendas, nos propios edificios de tipo residencial colectivo, así como nas súas vías de evacuación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos beneficiarios, poderán acollerse ao programa as persoas físicas donas, usufrutuarias ou inquilinas dos inmobles, as comunidades de veciños, as sociedades cooperativas e as empresas construtoras, propietarias ou arrendatarias dos edificios.

Con carácter xeral, as axudas cubrirán, como máximo, o 60 % do custo da actuación que se acometa, aínda que esta porcentaxe poderá incrementarse ata o 80 % se na vivenda ou no edificio reside unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos.

Ademais destas limitacións, a contía das subvencións será variable e dependerá tanto da tipoloxía e características dos inmobles como das circunstancias dos seus residentes. Así, se se trata dunha casa unifamiliar —illada ou agrupada— o beneficiario poderá recibir ata 12.500 euros para facela máis accesible e cando a subvención se solicite para intervir sobre un edificio residencial, concederase un máximo de 9.000 euros por vivenda e de 90 euros por metro cadrado de superficie construída de local comercial. Por último, se a solicitude ten por obxecto intervir sobre unha vivenda integrada nunha edificación de tipo colectivo, o importe da axuda da Xunta non superará os 6.000 euros.

En calquera dos tres supostos anteriores a subvención chegará ata os 15.000 euros por vivenda se nela reside unha persoa con discapacidade e ata os 18.000 euros se acredita un grao de discapacidade do 33 % ou superior. Ademais, no suposto de edificios ou vivendas declaradas ben de interese cultural (BIC), catalogados ou con algún tipo de protección os importes mencionados poderán incrementarse en 3.000 euros máis.

Prazos de execución

Este é o segundo ano que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) convoca con carácter plurianual o programa de axudas de accesibilidade en e ás vivendas. O ano pasado o orzamento asignado a esta liña foi de 4,3 millóns de euros e ante a demanda existente, sobre todo entre os propietarios particulares, a dotación desta segunda convocatoria incrementouse ata os 9 millóns de euros.

Para acollerse ás axudas deste ano, as actuacións non poderán estar iniciadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022 nin finalizadas antes de que se publique a resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Isto permitirá que algúns dos solicitantes que o ano pasado quedaron sen axuda por falta de crédito, poidan volver solicitala.

Así mesmo, o prazo de execución das obras no caso de vivendas unifamiliares non poderá exceder os 12 meses, mentres que para os edificios residenciais colectivos será de 24 meses tendo en conta que as intervencións neste tipo de inmobles adoitan ser máis complexas e requiren máis tempo. En calquera caso, as actuacións subvencionadas deberán estar rematadas antes do 28 de outubro do ano que vén.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN INTEGRAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR E O CIBERACOSO CONTARÁ CUN INVESTIMENTO DE 2M € E IMPLICARÁ A PROFESORADO, FAMILIAS E ALUMNADO

- O plan, do que deu conta a Consellería de Educación ante o Consello, está enfocado a lograr a tolerancia cero ante calquera forma de violencia e discriminación na escola
- Trabállase co obxectivo lograr que o 100 % dos centros de Galicia contén cos recursos necesarios para poder previr, identificar e actuar nestas situacións
- Contará cunha liña específica de formación para dotar a comunidade educativa de profesionais altamente cualificados en materia de convivencia escolar
- Fomentará a implicación e a participación das familias
- Para o alumnado estableceranse actividades colectivas de sensibilización
- Acometerase a actualización do protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento destas condutas
- Esta acción está enmarcada na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 para afianzar un bo clima nas aulas

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades elevou ao Consello da Xunta de hoxe un informe sobre a tramitación do Plan Integral contra o acoso escolar e o ciberacoso 2023-2025, enfocado a lograr a tolerancia cero ante calquera forma de violencia e discriminación nos centros educativos. Trátase dunha acción que se desenvolverá nos cursos 2023/24 e 2024/25 cun orzamento total de 2M €.

O documento, que está en fase de elaboración, ten como reto acadar que o 100 % dos centros educativos de Galicia contén cos recursos necesarios para poder previr, identificar e actuar en situacións de acoso e ciberacoso.

Para lograr esta finalidade, a Consellería de Educación traballa no establecemento dun marco xeral que dote a comunidade educativa dos mecanismos para resolver calquera situación que poida alterar a convivencia nos centros ou o benestar.

Neste contexto, estase a deseñar o plan cun enfoque multidisciplinar e unha perspectiva construtiva con actuacións concretas que abranguen o profesorado, as familias e o alumnado.

O plan está estruturado en catro obxectivos xerais que son previr as situacións de acoso e ciberacoso, identificar e afrontar a intervención de xeito coordinado para lograr unha solución axeitada e eficaz, dotar o alumnado de estratexias de afrontamento ante escenarios deste tipo e garantir unha formación especializada para o profesorado que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

lles aporte os coñecementos e as ferramentas necesarias para o seu desenvolvemento profesional.

Estratexias preventivas

Cómpre ter en conta que os docentes desempeñan un papel fundamental na posta en marcha de estratexias preventivas, na detección e na xestión de conflitos que xorden na convivencia.

Así pois, o plan vai contar cunha liña específica de formación para dotar a comunidade educativa de profesionais altamente cualificados en materia de convivencia escolar.

O segundo eido de actuación son as familias, ás cales o plan lles outorgará máis protagonismo fomentando a súa implicación e participación a través de mecanismos específicos. Tamén van contar cunha canle dixital con contidos formativos sobre este tema, en que se incluírán materiais dixitais, a modo de decálogo, para favorecer a detección temperá de situacións de acoso escolar e ciberacoso.

No que atinxe ao alumnado, propóñense actividades colectivas de sensibilización para propiciar a identificación dos posibles escenarios de acoso escolar e ciberacoso. Tamén se favorecerán os contextos en que se traballen dinámicas educativas creando contornas respectuosas e tolerantes ante calquera situación de risco.

O plan recolle un amplo abano de iniciativas para poñer en marcha como a actualización do protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso e o desenvolvemento do plan anual de formación do profesorado, que incluírá actividades e propostas formativas específicas para capacitar os docentes na prevención, identificación e tratamento das posibles situacións deste tipo que se produzan nos centros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CLÚSTER DA MADEIRA CREAM UNHA PLATAFORMA WEB PARA FOMENTAR O USO DA MADEIRA NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN

- O Consello da Xunta coñeceu esta ferramenta que se pon en marcha hoxe e permitirá dar a coñecer as vantaxes que ofrece este material tanto na construción pública como privada, ademais de aclarar cuestións sobre o seu custo ou a súa durabilidade
- A dita plataforma busca contribuír á loita contra o cambio climático mediante políticas de uso de materiais con baixa pegada en carbono, impulsando a eficiencia enerxética e a produción forestal sustentable como medida de prevención fronte aos lumes
- A Consellería do Medio Rural puxo en marcha diversas medidas para impulsar o uso da madeira en sectores estruturais, tales como convenios de colaboración e axudas para a realización de proxectos

O Consello da Xunta vén de analizar un informe da Consellería do Medio Rural sobre a posta en marcha hoxe dunha nova plataforma web para fomentar o uso e manexo da madeira no sector da construción, elaborada entre a Axencia Galega da Industria Forestal e o Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia.

Desta forma, preténdese dar a debida resposta á demanda das arquitectas e arquitectos de Galicia en materia do uso da madeira en construción, creando un espazo compartido entre prescritores, tecnólogos, instaladores e fabricantes de madeira na nosa Comunidade que permita impulsar o uso deste material na construción tanto de edificios públicos como de promoción privada desde o coñecemento compartido.

En concreto, búscase dar a coñecer as vantaxes que ofrece a madeira como material de construción, aclarando cuestións como o custo do seu mantemento, a súa durabilidade e a súa protección fronte aos incendios ou fenómenos naturais como episodios sísmicos.

Este portal web -desenvolvido tecnoloxicamente pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)- é unha demanda histórica do Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia, que persegue achegar toda a información necesaria aos prescritores, sobre o uso da madeira para fins estruturais en comparación con proxectos de formigón ou aceiro.

Características da plataforma

A plataforma web posúe diversas seccións, entre as que destaca o apartado de consultas. Nel, os tecnólogos do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos (CIS) da Madeira e do Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia darán resposta ás dúbidas e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consultas que poidan ter as arquitectas e os arquitectos en canto ao uso da madeira en construción. Ademais, as ditas respostas elaboradas poderán logo consultarse de forma pública.

No apartado de recursos, poderase atopar información como entrevistas, publicacións, informes ou novas de interese, que completen a formación e coñecemento dos prescrites no mundo da madeira en Galicia. Ademais, na sección de axenda de formación estará a oferta do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, da Plataforma de Enxeñería da Madeira Estrutural (Pemade) -dependente da Universidade de Santiago de Compostela (USC)-, do Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia (Cesuga), do Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia e da Xunta de Galicia -entre outros-, que están a programar de forma continuada xornadas, cursos, foros e relatorios técnicos para completar a formación universitaria dos prescrites.

Na parte práctica, está o apartado de proxectos, o cal ofrecerá información técnica e en detalle daquelas obras ou construcións xa realizadas, onde a madeira xogou un papel significativo. Así, para cada caso de estudo elaborouse unha ficha técnica co nome do promotor, prescrite, ano de construción e demais información, acompañada dunha explicación técnica sobre as solucións en madeira executadas, incorporando detalles dos produtos e materiais utilizados, así como un dossier técnico-fotográfico que poida servir aos prescrites para dispor de exemplos reais xa desenvolvidos.

Por último, a todos estes contidos irase sumando outro máis relacionado cos diferentes produtos e solucións en madeira con uso na construción que os diferentes fabricantes de Galicia poden poñer á disposición dos promotores, públicos e privados. O obxectivo é dar a coñecer dun xeito técnico e preciso as características dos materiais aos prescrites para que, nun único lugar, poidan acceder ao conxunto dos diferentes produtos e poder dispoñer das fichas técnicas necesarias para o seu uso e manexo.

Axenda de impulso da industria forestal-madeira

A posta en marcha desta plataforma está encadrada dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira, nunha liña de acción que presenta un cuádruplo obxectivo.

Así, búscase contribuír á loita contra o cambio climático mediante políticas de uso de materiais cunha baixa pegada en carbono como é a madeira, un material natural, renovable e reciclable. O uso da madeira na construción asegura longos ciclos de vida e, por tanto, un secuestro de carbono a longo prazo. Precisamente, a Unión Europea calcula que, no seu conxunto, os edificios son responsables do 40 % do consumo enerxético da UE e do 36 % dos gases de efecto invernadoiro e sinala que o sector da construción pode incluso pasar de emitir carbono a reduci-lo se se utilizan materiais de construción orgánicos como a madeira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se busca afondar na necesaria eficiencia enerxética dos edificios. Así, o uso da madeira, polas súas características como illante térmico, asegura un menor consumo enerxético das edificacións. Tamén se aposta decididamente pola biofilia, xa que o uso da madeira en solucións habitacionais procura un maior confort, benestar e saúde.

Finalmente, tamén se agarda favorecer a prevención fronte aos incendios forestais mediante a xestión forestal sustentable dos montes galegos, favorecendo o uso de madeiras locais, e poñendo énfase na marca de garantía "Pino de Galicia".

Outras iniciativas de fomento do uso da madeira

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Industria Forestal, puxo en marcha diversas medidas para impulsar o uso da madeira en sectores estruturais. Así, asinou convenios de colaboración coas consellerías de Sanidade e de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o fomento da madeira en centros de saúde ou en obras de restauración do patrimonio galego. Así mesmo, a propia Consellería aposta polo uso da madeira na construción das novas bases de unidades operativas do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais. Doutra banda, cómpre poñer en valor as axudas para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais, convocadas o ano pasado.

Así mesmo, a Consellería elaborou a Guía técnica de solucións innovadoras en madeira estrutural na arquitectura galega actual, en colaboración coa Plataforma de Enxeñería de Madeira Estrutural, no marco dun convenio asinado en 2019 para a posta en valor de especies forestais de crecemento en Galicia e a promoción da madeira na construción. A dita publicación ten como obxectivo precisamente difundir as posibilidades da construción con madeira estrutural e as súas calidades, mostrando un total de 21 obras galegas construídas con madeira nos últimos cinco anos, recoñecidas pola súa calidade arquitectónica, e nas cales se utilizou un sistema estrutural de madeira de deseño innovador ou produtos estruturais de madeira innovadores en si mesmos.

A ligazón á plataforma web é a seguinte:

<https://lignumfacile.gal/gl>

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

